




O CORNETE VOADOR




1. Coa metade dun folio, cortado de través, facemos un cornete, cunha boca duns 5 cm aprox. Para que non se desfaga, colamos o bordo, ou enroscamos un pouco a punta.



2. Cunhas tesouras recortamos a parte aguzada da boca, para que quede coma a base dun cono.



3. No bordo da boca damos uns cortes de 1 cm de fondo, aproximadamente, e separados entre si outro tanto.



4. Dobramos cada aleta, dándolle, ao mesmo tempo, unha certa inclinación con respecto ao plano do bordo, para que collan o xeito de aspas de muíño.

5. Se lanzamos ao ar o cornete, coa punta cara a adiante, veremos como voa xirando sobre si mesmo. Se queremos atinxir voos maiores, metémoslle no interior, na zona da punta, algo que o faga máis pesado: un anaco de miolo de pan amasado ou un pouco de plastilina, por exemplo.

6. Co cornete podemos xogar simplemente a ver quen o lanza máis lonxe.

7. Ou tamén podemos argallar outro xogo un pouco máis complexo: No fondo do corredor da casa, ou noutro lugar con amplitude abonda, colocamos un, dous ou tres vasos en liña. Desde o lugar oposto, e seguindo unha orde acordada, imos lanzando -pomos por caso- tres cornetes, , coa intención de acertar a metelos nos vasos. Aplicamos unha puntuación a cada un deles e xogamos a ver quen chega primeiro a un numero determinado de puntos.